

SERVIZO DE MONTES,
PARQUES E XARDÍNS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 9896 / 446

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

OFERTA CONTRATO MENOR DE OBRAS

ANUNCIO

Entidade licitadora: Concello de Vigo.

Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Montes, Parques e Xardíns

OBXECTO DO CONTRATO:

O presente anuncio ten como finalidade a formalización dun contrato, a través do réxime de contrato menor de obras para o acondicionamento da zona verde de Barreiro, de conformidade co disposto na resolución do Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a proposta do Servizo, de data 25 de outubro de 2017.

NECESIDADES:

As necesidades do servizo son a execución de obras de reparación e acondicionamento da zona verde de Barreiro.

CONDICIÓNS DO CONTRATO:

- O prazo de execución das obras deberá ser de 10 días hábiles, dende a adxudicación do contrato, que será notificada á entidade adxudicataria por correo electrónico.
- Presentarase un PLANNING, no que se detallen as datas de prestación do servizo, persoal e medios, que entrará en vigor ao día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo da obra.

IMPORTE CONTRATO:

Orzamento de licitación: 30.792,26 € (IVE engadido).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 31/10/2017 14:30

Páxina 1 de 16

Expediente 9896/446

Código de verificación: 23E84-ECCAB-5AA4A-EBCBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

PRESENTACIÓN OFERTAS:

A presentación de ofertas realizarase nos seguintes prazos e términos:

A/ Prazo ou data límite de presentación: establececese en 5 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no perfil do contratante da web municipal (www.vigo.org): ata o 10 de novembro de 2017 (inclusive). As ofertas que, na data de finalización deste prazo, non tivesen entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo quedarán excluídas, sen prexuízo do disposto na disposición adicional decimoquinta e decimosexta do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

B/ Lugar: A documentación entregárase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborais e de 9 a 13 horas os sábados. O interesado terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o seu nome, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.

As proposicións poderán ser presentadas tamén por calquera outro dos medios sinalados **no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.**

Non obstante, se a documentación non tivese entrada no Concello con anterioridade ao día fixado neste anuncio para a apertura das ofertas, esta non será admitida en ningún caso.

CRITERIO PARA A ADXUDICACIÓN:

Establécese un sistema de puntuación sobre **100 puntos**, distribuídos nos seguintes apartados.

- O menor prezo respecto ao presuposto máximo de licitación, que non poderá ser superior ao importe licitado en ningún caso. **(65 puntos)**
- O PLANNING, no que se detallen as datas de prestación do servizo, persoal e medios, que entrará en vigor ao día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo da obra. **(25 puntos)**



- A redución no prazo de execución das obras a contratar, que deberá ser sempre inferior ao fixado na oferta e ata un máximo de 5 días hábiles. (10 puntos)

Da puntuación establecida en cada punto enténdese que esta é a máxima puntuación para aquela oferta que resulte ser máis vantaxosas para a Administración, puntuando as demais ofertas de maneira proporcional ao valor ofertado.

Serán excluídas automaticamente aquelas ofertas económicas que sexan inferiores ao 10% sobre a media dos valores ofertados.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

O interesado deberá presentar un único sobre pechado, preferentemente lacrado e precintado ou co selo da empresa. **No seu exterior constará como mínimo os seguintes datos:**

- Deberá indicar “proposición económica”, número de expediente e título do expediente ao que concorra.
- Os datos seguintes do interesado: datos fiscais do interesado, teléfono, fax, correo electrónico, persoa de contacto.

O sobre deberá conter a seguinte documentación:

- Declaración responsable consonte ao modelo adxunto a este anuncio (Anexo I).
- Oferta económica de acordo co modelo adxunto a este anuncio (Anexo II).
- O PLANNING, no que se detallen as datas de prestación do servizo, persoal e medios.

En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de varias ofertas implicará a non admisión do interesado no procedemento de referencia.

OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: www.vigo.org (perfil do contratante).
Departamento de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo. Pza. do Rei s/n. 36202 Vigo, 2º andar, teléfono 986-810306, fax 986-229707, correo electrónico: ofi.xardins@vigo.org. Data límite



SERVIZO DE MONTES,
PARQUES E XARDÍNS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.
Dirección de internet do perfil do contratante: www.vigo.org (perfil do contratante).

APERTURA DE OFERTAS:

Os sobres abríranse en sesión pública, nas dependencias do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o terceiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de ofertas, ás 9.00h. A efectos da apertura dos sobres, o sábado non se considerará hábil. Polo tanto, establécese como data de apertura das ofertas o **15 de novembro de 2017, as 10:00 h.**

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO CONTRATISTA NO CASO DE RESULTAR SELECCIONADO:

a) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

- Os empresarios individuais: copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas: a escritura, ou os documentos en que conste a constitución da entidade, e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- Documentos acreditativos da representación: cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor do que ou dos que subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do apoderado ou dos apoderados.
- Certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes: non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo xestor á Tesourería Municipal.
- Os interesados que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da finalización do prazo de presentación de ofertas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 31/10/2017 14:30

Páxina 4 de 16

Expediente 9896/446

Código de verificación: 23E84-ECCAB-5AA4A-EBCBC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

De non achegar a citada documentación **no prazo de tres días hábiles** como máximo, contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, que se realizará a través de correo electrónico, entenderase que renuncia ao contrato, en cuxo caso, o contrato adjudicaríase ao seguinte participante que tivese feito a seguinte mellor oferta e aporte no mesmo prazo a documentación esixida. Tamén, se o seleccionado renunciase por calquera motivo ao contrato, será substituído polo seguinte da lista.

CAUSAS DE RESCISIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 223 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Públicos (TRLCSP), será causa de resolución do contrato:

- A demora no cumprimento dos prazos sinalados no planning presentado por parte do contratista.
- O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais establecidas no contrato, tales como:
 - Deficiencia na calidade dos materiais empregados.

O incumprimento das condicións do contrato será causa de rescisión do mesmo, previo informe motivado dun técnico responsable do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

CLÁUSULAS PARTICULARES:

- As obras deberán ser executadas nos prazos establecidos no planning presentado para o presente contrato.
- A calidade dos materiais empregados, así como a da execución dos traballos encomendados, deberá manterse durante a realización das obras.
- A sinalización das obras durante a súa execución correrá a cargo do contratista.
- Deberase cumprir, en todo momento, a normativa de prevención de riscos laborais.



SERVIZO DE MONTES,
PARQUES E XARDÍNS

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



- As solicitudes preceptivas que deban realizarse a outros servizos/organismos, durante a execución das obras, realizaranse por conta do contratista.

CLÁUSULAS XERAIS:

- Non poderán concorrer empresas que teñan débedas coa Administración ou teñan abertos expedientes sancionadores ou expedientes iniciados pola mala prestación dos servizos nesta Administración municipal.
- Réxime de pagamento: Pagos mediante certificación dos traballos executados.
- As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Os códigos solicitados pola plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado -ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN.

Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO.

Unidade tramitadora: GE0000625 MONTES, PARQUES E XARDÍNS.



MEMORIA TÉCNICA

ANTECEDENTES

Co paso do tempo os bordos de madeira, que están colocados nos perímetros de delimitación da zona verde de Barreiro, están danados e afundidos.

A terra vexetal en contacto cos camiños de xabre perden a delimitación en certas partes, dando un aspecto de abandono.

Ademais para conter e delimitar esas zonas verdes é necesario a substitución deste bordo.

A continuación pódese ver o estado actual nas seguintes fotografías:



OBXECTO

O obxecto do presente expediente é acometer as obras de reparación e acondicionamento da zona verde de Barreiro.

As obras a realizar serán de substitución dos bordos existentes de madeira das zonas axardinadas, cambiando a bordos de formigón para definir mellor as zonas de tránsito de peóns e as zonas verdes.

Existen no perímetro exterior bordo de formigón delimitando as zonas verdes contra as beirarrúas, onde non se actuará.

Ademais tamén se pretende delimitar a nova ampliación do parque infantil e a creación dunha nova area dun parque de biosaudables.

ZONA DE ACTUACIÓN

As zonas de actuación das obras do expediente de referencia pódense observar no plano seguinte:



ORZAMENTO

As actuacións proxectadas inclúen as seguintes partidas nas diferentes zonas de actuación

CONCEPTO	UNIDADES	PREZO UNIDADE	IMPORTE (€)
ZONAS VERDES LATERAL ESQUERDO			
Ml. Desmontaxe e retirada a vertedoiro ou a almacén municipal do bordo perimetral de madeira existente.	150,00	3,00€	450,00 €
Ml. Bordo de formigón prefabricado, dobre capa, sección normalizada 20x10cm, sen bisel, clase climática B (absorción <=6%), clases resistentes á abrasión H<=23 e á flexión T>=5Mpa, s/norma UNE-127340, asentado sobre base de formigón HM-20/B/25/l de 25x15 cm, encintado con morteiro de cemento, incluso preparación do asento, escavación e transporte de sobrantes a acopio.	150,00	19,00 €	2.850,00 €
M3. Recheo localizado chan adecuado. Formación de recheos localizados en trasdós dos bordos con chans adecuados ou seleccionados procedentes da escavación ou de préstamos, extensión en tongadas e compactación cos espesores e graos esixidos.	15	10,00 €	150,00 €
ZONAS VERDES LATERAL DEREITO			
Ml. Desmontaxe e retirada a vertedoiro ou a almacén municipal do bordo perimetral de madeira existente.	250,00	3,00 €	750,00 €
Ml. Bordo de formigón prefabricado, dobre capa, sección normalizada 20x10cm, sen bisel, clase climática B (absorción <=6%), clases resistentes á abrasión H<=23 e á	250,00	19,00 €	4.750,00 €





flexión $T \geq 5\text{Mpa}$, s/norma UNE-127340, asentado sobre base de formigón HM-20/B/25/l de 25x15 cm, encintado con morteiro de cemento, incluso preparación do asento, escavación e transporte de sobrantes a acopio.			
M3. Recheo localizado chan adecuado. Formación de recheos localizados en trasdós dos bordos con chans adecuados ou seleccionados procedentes da escavación ou de préstamos, extensión en tongadas e compactación cos espesores e graos esixidos.	20,00	10,00 €	200,00 €
ZONA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL			
M1. Desmontaxe e retirada a vertedoiro ou a almacén municipal do bordo perimetral de madeira existente ou formigón, na zona parque infantil e biosaudable existente.	150,00	3,00 €	450,00 €
M1. Bordo de formigón prefabricado, dobre capa, sección normalizada 20x10cm, sen bisel, clase climática B (absorción $\leq 6\%$), clases resistentes á abrasión $H \leq 23$ e á flexión $T \geq 5\text{Mpa}$, s/norma UNE-127340, asentado sobre base de formigón HM-20/B/25/l de 25x15 cm, encintado con morteiro de cemento, incluso preparación do asento, escavación e transporte de sobrantes a acopio.	75,00	19,00 €	1.425,00 €
M2. Retirada de terra vexetal con escavación en desmorte da explanación existente en calquera tipo de terreo, remate e refino da plataforma, compactado, formación taludes e cunetas e transporte dos produtos a lugar de emprego e	400,00	6,00 €	2.400,00 €



sobrantes a acopio.			
M2 Acondicionamento da explanación, nivelación, apertura de caixa en calquera clase de terreo ata 40 cm de espesor, incluso aportación de 10 cm de material granular compactado e retirada de produtos sobrantes a acopio.	400,00	3,00 €	1.200,00 €
Ud. Desprazamento de punto de luz existente na zona, consistente en desconexión, cableado de igual sección ao existente dende arqueta, demolición de cimentación existente e formación de nova cimentación de 0,50 x 0,50 x 0,70m de formigón H25, incluído escavación e tubo dobre capa para a conducción dende arqueta existente ata a nova ubicación. Nova ubicación fronte ao sendeiro. Cumprindo normativa municipal.	2,00	350,00 €	700,00 €
ZONA PARQUE BIOSAUDABLE			
M1. Bordo de formigón prefabricado, dobre capa, sección normalizada 20x10cm, sen bisel, clase climática B (absorción <=6%), clases resistentes á abrasión H<=23 e á flexión T>=5Mpa, s/norma UNE-127340, asentado sobre base de formigón HM-20/B/25/l de 25x15 cm, encintado con morteiro de cemento, incluso preparación do asento, escavación e transporte de sobrantes a acopio.	40,00	19,00 €	760,00 €
M2. Retirada de terra vexetal con escavación en desmorte da explanación existente en calquera tipo de terreo, remate e refino da plataforma, compactado, taludes e cunetas e transporte dos produtos a lugar	300,00	6,00 €	1.800,00 €



de emprego e sobrantes a acopio.			
M2 Acondicionamento da explanación, nivelación, apertura de caixa en calquera clase de terreo ata 40 cm de espesor, incluso aportación de 10 cm de material granular compactado e retirada de produtos sobrantes a acopio.	300,00	3,00 €	900,00 €
M3. Formación de área de xabre para zona de biosaudables, executado sobre terreo regularizado e compactado. Subministro, estendido e compactado de 25cm de xabre en tongadas de 10 cms, con formación de bordes e pendentes del 1,5% como mínimo cara ao lateral para a evacuación da auga. Incluso p.p. de regularización da superficie, carga en zona de acopio e transporte dentro da obra. O xabre no debe ter contidos de capa vexetal, arxilas, margas ou restos de outros materiais estraños, así coma un contido en materia orgánica nulo.	75,00	20,00 €	1.500,00 €
Partida alzada a xustificar de imprevistos durante a execución da obra ou melloras a realizar na zona das mesmas a definir pola dirección de obra.	1,00	2.000,00 €	2.000,00 €

ORZAMENTO:

Total	21.385,00 €
Gastos Xerais e Beneficio Industrial (19%)	4.063,15 €
TOTAL PEM	25.448,15 €
IVE (21%)	5.344,11 €
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	30.792,26 €



NOTAS DE INTERESE

O adxudicatario deberá verificar tódalas partidas. As desviacións detectadas estarán dentro do marxe de error das medicións, e serán asumibles polo contratista.

Deberanse entregar tódolos certificados dos elementos empregados na obra.

Os elementos retirados serán entregados no parque central municipal ou almacén que indique o director de obra e os residuos serán xestionados en vertedoiro autorizado.

Deberase cumprir con toda a normativa vixente de aplicación durante a execución da obra.

A sinalización de seguridade das obras do expediente de referencia correrá a cargo do adxudicatario durante a duración das obras.

Durante o transcurso das obras, todo o perímetro da zona afectada pola obra estará debidamente valado e sinalizado, tendo en conta as medidas de seguridade e saúde pertinentes. O valado do perímetro incluírá o logotipo do Concello de Vigo.

A normativa de Prevención de Riscos Laborais será de obrigado cumprimento por parte do contratista.

Os permisos e autorizacións pertinentes serán por conta do contratista.

A retirada dos elementos vexetais (árbores ou sebes) coordinarase coa empresa de mantemento de zonas verdes.

Vigo, 31 de outubro de 2017

O Enxeñeiro Industrial Municipal do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

Asdo.- Roberto Carlos González Fernández

Conforme,

O Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns,

Asdo.- Gilberto Moldes Crespo



ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona, con N.I.F. nº e con enderezo en

(No caso de ser persoa xurídica):

En representación da empresa, con C.I.F. nº, constituída (facer referencia á escritura). Acreditando a súa representación a través de poder outorgado ante o Notario, D., con data, baixo o número do seu protocolo.

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece o contido do anuncio publicado na páxina Web municipal para contratación das obras de, e que o acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa, á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54, 57 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil,, ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo (reproducir o obxecto) segundo consta nos estatutos da empresa, de data, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil,, atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil,, atópase ao corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.



7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación dende que a mesma foi expedida.
8. Que a mercantil,,está en posesión da habilitación profesional que se esixe no anuncio.
9. Que a mercantil,, (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
10. No suposto de que na memoria valorada/proxecto se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que na mesma se contemplan.
11. Que a mercantil,, acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte
12. Que a mercantil,, manifesta non ter expedientes sancionadores ou expedientes iniciados pola mala prestación dos servizos nesta Administración municipal.

En, adede

Selo e Sinatura



ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona, con N.I.F. nº, en nome propio (ou en representación de), informado da licitación para a contratación das obras de Nº expte: manifesta:

Que acepta e coñece as condicións técnicas da memoria valorada/proxecto que define o obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que rexen a presente contratación.

1.- Que propón como prezo **sen IVE** do contrato o de euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de euros, o que supón un prezo total do contrato de euros (**IVE incluído**).

2.- O PLANNING, no que se detallan as datas de prestación do servizo, persoal e medios (anexar).

3.- Que propón unha redución no prazo de execución das obras de días hábiles, o que supón a entrega da obra rematada en días hábiles dende a sinatura da acta de comprobación de replanteo.

4.- Outros:

En, a de de

Selo e Sinatura

